

A casa da xuventude, a praza do matadoiro e a valgada de Belvís

Conclusións do informe histórico: *A valgada de Belvís como espazo patrimonial.*



Valgada de Belvís. Plano 1750

- Máis alá dos recoñecidos valores medioambientais e sociais, a valgada de Belvís ten unha relevantísima carga patrimonial, descoñecida debido ás escasas investigacións levadas a cabo sobre a súa historia.
- Esta falta de coñecemento histórico bótase en falta no Plan Especial do Parque de Belvís que atende principalmente os aspectos urbanísticos e paisaxísticos, omitindo calquera referencia específica ao seu contexto arqueolóxico. É unha omisión que compriría subsanar.
- Esta investigación básica permite albiscar un alto potencial desta zona como lugar no que veciñanza e visitantes podan coñecer e explorar un legado patrimonial moi diferente ao representado polo centro histórico (edificios nobres, urbanismo barroco, etc.) e moi próximo á realidade cotiá e económica doutro tempo.
- Tamén pon en entredito a teoría comunmente admitida de que a industria do coiro compostelá tivo o seu asentamento preferente nas beiras do río Sarela: foi alí onde se instalaron os emprendementos máis recentes que son os máis coñecidos e lembrados.
- Os valores patrimoniais da valgada de Belvís atinxen a dous aspectos básicos da economía urbana dos séculos medievais e modernos: a agricultura periurbana e a industria do curtido.
- Esta vocación da zona como espazo de traballo provocou o seu progresivo arredamento das vías principais (a actual Virxe da Cerca e Rúa de San Pedro), quedando moi pronto pechada por vivendas e pola urbanización da

actual praza do Matadoiro. Da Porta do Camiño quedou separada tras a ordenanza de 1503.

- A construción do Matadoiro municipal a finais do s. XVII ao carón da fonte das Tripeiras supuxo a consagración da zona como espazo ligado ao traballo das peles en convivencia con usos agrarios de proximidade.
- Foi esta separación do resto da cidade o que permitiu a preservación de usos tradicionais, dando así lugar a unha especie de fosilización da paisaxe antiga que permitiu a súa conservación.
- Sería recomendable o establecemento dun perímetro de máxima sensibilidade arredor dos fitos máis significativos do pasado do parque que permita a preservación dos restos arqueolóxicos que alí pode haber e a posta en marcha de estudos históricos e traballos arqueolóxicos que axuden a comprender, interpretar e divulgar esta parte tan descoñecida pero insólita da historia urbana.
- O potencial explicativo do seu subsolo, ao permaneceren case intactos os elementos superficiais na maior parte do territorio, é a súa maior fortaleza.
- Á luz da documentación histórica atopada e aquí estudada, os recursos patrimoniais que merecen un mellor coñecemento e posta en valor son os seguintes:
 - O antigo trazado viario.
 - Os usos agrarios e o seu parcelario (hoxe subxacentes no Parque).
 - As antigas fábricas de curtidos, polo que representan e polo seu potencial como espazos interpretativos do pasado da zona.
 - A contorna inmediata da Fonte e Rego das Tripeiras e da localización do antigo matadoiro, pois é alí onde se situaron unha boa parte dos pelamios da Compostela medieval e moderna.
 - De todos eles, o de maior relevancia histórica e potencial científico e social é, sen dúbida, o relacionado cos pelamios da fonte e rego das Tripeiras.